

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	O ROSAL
Edificio	Igrexa de San Miguel de Tabagón
Dirección	Travesía de San Miguel, 2. 36760
	41.91842560596533 -8.814299016593885
Protección	
Descrición	<p>Igrexa parroquial de planta rectangular dunha soa nave feita a base e cadeirado granítico labrado. O teitume é a dúas augas con pináculos de bola nos vértices das cornixas. Posúe contrafortes nas fachadas laterais.</p> <p>A fachada principal, de estilo neoclásico e simétrica, móstrase entre dúas pilastras extremas. Nela podemos ver a porta de acceso acodada nos extremos superiores e flanqueada por dúas bufardas verticais, un tímpano triangular sobre a porta que recolle unha fornela de arco de medio punto cunha imaxe pétrea de San Miguel.</p> <p>O conxunto remata nunha torre de planta cadrada e acaroadada ó edificio rodeada por dúas balaustradas voadas ao longo do seu perímetro. Posúe catro ocos con arcos de medio punto. A torre remata cunha cúpula de pedra apuntada.</p> <p>No interior destacan os seus arcos de medio punto en pedra.</p> <p>Esta igrexa, datada no século XVI, sufriu moitas reformas. A máis importante na súa configuración é a do ano 1740 na que se lle fixo a fachada oeste e a torre tal como hoxe as conservamos. Esta obra foi realizada por Santiago de Pazos.</p>
Campás	4 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, Estanislao (Campás e reloxos monumentais de Galicia, FACEBOOK)
Data	21-01-2024

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Campá (1)	CARESA S. L.	2000	50	72

Torre-campanario	Campá (2)	CABRILLO MAYOR, JOSÉ	1925	60	125
Torre-campanario	Campá (3)	CARESA S. L.	2000	80	296
Torre-campanario	Campá (4)	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1941	100	579

Información completa: [Igrexa de San Miguel de Tabagón - O ROSAL \(GALICIA\)](#)

PDF (22-06-2026)